

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	Curso 1º ESO
INGLÉS	Ano académico 2022-2023

Procedemento avaliación continua

Realizaranse varias Probas escritas que avalíen as diferentes destrezas lingüísticas : *reading, writing, speaking e listening*.

Proba **oral** unha por trimestre. O alumnado debe facer unha presentación oral dun tema asinado polo profesor ou de libre elección . Pode empregar as TIC ou outro soporte, pósters, cartolinas...

Trataremos de levar a cabo varias mini-probas dentro de cada apartado para poder valorar ao alumnado de modo continuado e así contar con máis probas obxectivas que realizan presencialmente, onde deben amosar o seu traballo e esforzo diario.

- Criterios de cualificación- convocatoria ordinaria

- As probas de **USE OF ENGLISH** consistirán en preguntas de gramática, vocabulario, reading e writing e contarán un **40%**.
- As probas de **reading** consistirán en actividades do libro de lectura e textos e contarán un **20%** , consistirán en preguntas sobre os capítulos do libro de lectura e sobre os exercicios feitos na clase e na casa en relación co libro lido.
- A **proba oral** puntuará un **10%** e consistirá na elaboración dunha presentación en soporte dixital ou noutro medio feita para ser exposte oralmente. Avaliaráse cunha rúbrica feita para este fin.
- A **proba de listening** puntuará un **20%** e consistirá nunha proba ao final de cada avaliación onde entren audicións axeitadas ao nivel dos temas dados.
- O **traballo na libreta, observación do traballo de aula e actitude** puntuará un **10%**. Para obter este 10% o alumno deberá traer sempre as tarefas feitas e traballar na aula ata rematar os exercicios. Descontarase 0,1 cada vez que non entregue as tarefas. En canto á observación do traballo da aula avaliarase o interese, esforzo e a participación, comportamento e atención ao tema e ás explicacións e toma de apuntes, realización de exercicios, cooperación no traballo por parellas e en equipo, coidado dos materias de traballo, expresión no idioma estranxeiro (inglés)

A avaliación é continua, polo que non haberá exames de recuperación. A 2ª e 3ª avaliacións incluírán contidos das anteriores. Dado que a nota final será a da 3ª avaliación, será imprescindible ter esta superada. Non obstante, para beneficiar aos alumnos, o cálculo da nota final será do seguinte xeito:

- a. A nota do 3º trimestre sempre que esta sexa igual ou superior aos dous trimestres anteriores.
- b. Se fose inferior, a nota final será a media ponderada das tres avaliacións, que se calculará multiplicando a nota da 1ª avaliación x 1, a da 2ª x 2 e a da 3ª x 3, obtendo a continuación a media aritmética e dividindo a suma destes produtos entre 6.

- Criterios de cualificación- Avaliación final

O alumnado que non superase a materia na convocatoria ordinaria de xuño, poderá facelo na proba extraordinaria de recuperación, a cal consistirá nun exame escrito que inclúa: un texto con preguntas de comprensión acerca do mesmo; preguntas de vocabulario e exercicios de gramática; preguntas dos libros de lectura, podendo tamén facer algunha proba oral e/ou listening. A nota acadada polo alumno será a nota da última proba ponderada coas outras 3 avaliacións que se calculará multiplicando a nota da 1ªavaliación x 1, a da 2ª x 2 a da 3ª x 3 e a nota da proba final x 4, obtendo a continuación a media aritmética dividindo a suma destes produtos entre 10.